

MEMORIA ECONÓMICA

2001



**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

ELABORADA POR:

- Vicerrectorado de Asuntos Económicos
- Servicio de Contabilidade e Presupostos
 - Servicio de Control Interno
 - Servicio de Xestión Económica

COORDINACIÓN E DIRECCIÓN:

- Vicerrectorado de Asuntos Económicos

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	4
PRIMEIRA PARTE: ANÁLISE DAS CONTAS DO EXERCICIO	7
1.1. LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE INGRESOS	8
1.1.1. COMENTARIOS XERAIS Á LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE INGRESOS	8
1.1.2. COMENTARIOS PARTICULARES ÓS INGRESOS DE CADA CAPÍTULO PRESUPOSTARIO.....	11
1.1.3. PRESUPOSTO DE INGRESOS. EXERCICIOS ANTERIORES.....	21
1.2. LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE GASTOS	22
1.2.1. COMENTARIOS XERAIS Á LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE GASTOS	22
1.2.2. - COMENTARIOS PARTICULARES ÓS GASTOS DE CADA CAPÍTULO PRESUPOSTARIO.	27
1.2.3. PROBAS DE ACCESO 2001.....	34
1.2.4. GASTOS DE EXERCICIOS CERRADOS.....	34
1.3. RESULTADOS PRESUPUESTARIOS	35
1.3.1. ESTADO DA TESOURERÍA.....	35
1.3.2. ESTADO DO REMANENTE DE TESOURERÍA.....	35
1.3.3. RESULTADOS.....	36
1.4. BALANCE DE SITUACIÓN.....	37
1.5. CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL E CADRO DE FINANCIAMENTO.....	38
SEGUNDA PARTE: MEMORIA DE XESTIÓN.....	41
2.1. MEMORIA DE XESTIÓN	42
2.2. CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA	89
ANEXO	113
CRÉDITOS INCORPORADOS DE 2001 A 2002	113

INTRODUCCIÓN

A Memoria Económica da Universidade de Santiago de Compostela (USC) recolle o estado de liquidación do presupuesto, o balance de situación e a conta de resultados económico-patrimonial a 31 de decembro de 2001, ofrecendo tamén unha completa información acerca da evolución das magnitudes máis significativas e actuacións más relevantes, coa finalidade de que sexa de utilidade non só ós órganos de control interno e externo da súa actividade, senón tamén, con carácter xeral, a cantes se vexan afectados dunha maneira ou outra pola súa actividade económico-financeira.

A preparación e presentación da ampla documentación financeira, contable e estatística que aparece nesta Memoria elaborouse con criterios analíticos de máxima obxectividade, detalle, claridade informativa e homoxeneidade no tempo, a partir dos estados financeiros presentados de acordo coas normas establecidas no Plan General de Contabilidade Pública, de forma que trate de mostra-la imaxe fiel da situación financeira da USC respecto ós seus activos e pasivos, así como dos resultados das operacións realizadas e dos recursos obtidos e aplicados durante o exercicio.

A Memoria Económica relativa ó exercicio 2001, elaborouse, pois, realizando, unha vez máis, un importante esforzo de calidade e transparencia informativa, e responde á vontade manifesta de facilitar o coñecemento da aplicación que se fixo dos recursos económicos dispoñibles. Esta vontade de transparencia forma parte do necesario e consciente rendimento de contas que cada vez resulta máis necesaria ás administracións públicas, como parte das funcións derivadas da súa xestión.

O primeiro ano do século XXI, ó que se refire esta Memoria, que coincide co tramo de maduración do Plano Estratégico da nosa Universidade, aprobado polo Claustro o 14 de xuño de 2001, constíue xa o segundo ano do período de vixencia do “Acordo de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia. Programa 2000-2003 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Economía e Facenda e as tres Universidades de Galicia”, que foi aprobado o 27 de xaneiro de 2000.

En liñas xerais, os datos correspondentes ó exercicio 2001, creemos que mostran a capacidade de xestión presupostaria e financeira da nosa Universidade.

O presuposto liquidado rexistra nas súas principais magnitudes comportamentos que abundan na suficiencia financeira que veñen rexistrándose nos últimos anos. Desde un punto de vista financeiro hai equilibrio, como revela o feito de que o resultado presupuestario do exercicio acada os 480,56 millóns de pesetas (2,89 millóns de euros) o que permitiu satisfacer os gastos e obrigas contraídas ós seus respectivos vencementos.

O gasto presupuestario, en termos de obrigas contraídas, ascende a 27.405,72 millóns de pesetas (164,71 millóns de euros), experimentando unha variación absoluta de 525,69 millóns de pesetas (3,16 millóns de euros) en relación ó exercicio anterior (26.880,03 millóns de pesetas equivalentes a 161,55 millóns de euros) e unha variación relativa do 1,96%. O remanente de crédito, obtido como diferencia entre o orzamento definitivo e as obrigas contraídas, foi de 6.666,60 millóns de pesetas (40,07 millóns de euros).

As previsións definitivas de ingresos acadaron os 28.094,17 millóns de pesetas (168,85 millóns de euros), sendo os dereitos recoñecidos de 27.853,64 millóns de pesetas (167,40 millóns de euros). O grao de execución do presuposto de ingresos foi do 99,14%; en cambio, a execución do presuposto de gastos foi do 80,50%.

A diferencia que se ven observando no ritmo de crecemento experimentado polas rúbricas identificativas dos ingresos e gastos correntes, 4,53 e 3,42 por 100, respectivamente, con relación ós valores do exercicio 2000, permite incrementar o aforro bruto dispoñible, que no exercicio 2001 foi de 3.377,22 millóns de pesetas (20,30 millóns de euros) fronte ós 3.026,33 millóns de pesetas (18,19 millóns de euros) do exercicio anterior, a pesar do gran esforzo realizado para completar e consolidar os investimentos e equipamentos xerais (17,66 millóns de euros en 2001 e 17,60 millóns en 2000) necesarios para o desempeño das funcións que a universidade ten encomendadas.

Igualmente, persiste a tendencia alcista no esforzo presupostario por alumno matriculado, que é froito dunha reducción na demanda académica e dun certo incremento nos recursos financeiros procedentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

A situación económico-financeira da USC é francamente satisfactoria. Conta cun patrimonio totalmente saneado e cunha envidiable solidez patrimonial. A prudencia no ritmo de incremento da actividade e o mantemento dun estricto control de toda-las modalidades de risco determinou que o activo total quedase situado en 72.585,69 millóns de pesetas (436,25 millóns de euros), cifra que supón a incorporación de máis de 2.236,47 millóns de pesetas (13,44 millóns de euros) adicionais no exercicio 2001. Ó cerre de exercicio, os recursos propios situábanse en 64.615,23 millóns de pesetas (388,35 millóns de euros) fronte ós 64.277,18 millóns de pesetas (386,31 millóns de euros) do ano anterior, o que repercuté nunha maior fortaleza de balance.

A diferencia entre as correntes de ingresos e gastos da Conta do Resultado Económico-Patrimonial permite obter un resultado positivo (aforro) de 578,27 millóns de pesetas (3,48 millóns de euros), o que resultou posible gracias á adecuada estructura de ingresos conseguida co despliegue durante o exercicio de numerosas iniciativas para a diversificación dos ingresos así como co rigor na racionalización dos custos en toda-las actividades, clave fundamental para mellora-la eficiencia (de feito, os gastos correntes diminúen con respecto ós do exercicio anterior no 9,84%).

A Memoria de xestión do presuposto de gastos elaborada a nivel de centros xestores, que se presenta na segunda parte da Memoria Económica, permite coñecer a distribución de créditos entre os diferentes centros orgánicos, entre as diferentes funcións e segundo a natureza económica do gasto, e constitúe un elemento fundamental complementario da analise das contas do exercicio que se inclúe na primeira parte. Os créditos xestionados descentralizadamente para o funcionamento dos Centros Docentes, Departamentos, Institutos de Investigación e Servicios Universitarios, acadan un total de 15.272 millóns de pesetas (91,79 millóns de euros), para un total de 1.540 centros de gasto.

Na segunda parte da memoria de xestión infórmase dos expedientes de contratación xestionados no exercicio, con independencia do procedemento e forma de adxudicación, co que se da cumprimento ó mandato contido no artigo 166 dos Estatutos da USC de informar á Xunta de Goberno e ó Consello Social do resultado da contratación.

Esta é, en apretada síntese, a realidade última que ofrece a xestión económico-financeira da nosa institución no ano 2001. A USC deseña facer patente a súa gratitud a todo o persoal, docente e non docente, pola cantidade e calidade dos servicios prestados con tanta

competencia e abnegación traballando día a día, solicita o mesmo comportamento nos vindeiros anos, o que nos permitirá conxugar un mellor servicio á sociedade cunha eficiencia superior, pero mantendo unha economía saneada e dinámica para que a USC siga sendo unha institución solvente.

PRIMEIRA PARTE: ANÁLISE DAS CONTAS DO EXERCICIO

1.1. LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE INGRESOS

1.1.1. COMENTARIOS XERAIS Á LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE INGRESOS.

O presupuesto de ingresos de 2001 da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) liquídase cuns dereitos recoñecidos por importe de 27.853,84 millóns de pesetas, o que representa un aumento en termos absolutos de 2.020,29 millóns con respecto ós do exercicio anterior (25.833,55 millóns), equivalente a unha taxa de variación do 7,8%.

Resulta a fin de exercicio un déficit dos dereitos recoñecidos con respecto ás previsións de 240,53 millóns de pesetas como pode observarse no cadro 1. O desfase máis notable producese no “capítulo 3.Prezos públicos e outros ingresos” debido á liquidación de prezos de matrícula que resultou ser inferior nun 11,4% á prevista inicialmente.

As previsións iniciais de ingresos incrementáronse por operacións de financiamento acadado durante o exercicio en 1.011,66 millóns de pesetas, o que significa en termos porcentuais o 3,8% respecto ás previsións iniciais. Para o cálculo das cifras anteriores descóntanse os aumentos de previsións derivados de incorporación de remanentes do ano 2000 (5.978,15 millóns) e da facturación interna (446,79 millóns).

Ó igual que se ven facendo en Memorias de anos anteriores, estas cifras serán desglosadas de forma máis promenorizada ó longo deste apartado, pero antes, indicaremos algunas notas xerais que nos semellan de interese referidas ás distintas fontes de financiamento dos ingresos da USC, clasificadas por capítulo presupuestario.

CADRO 1: LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE INGRESOS (en millóns de ptas.)

CAPÍTULO	PREVISIÓN INICIAIS	PREVISIÓN DEFINITIVAS	DEREITOS RECOÑECIDOS	PENDENTE DE INGRESO		DEREITOS RECOÑECIDOS MENOS PREVISIÓN DEFINITIVAS
				INGRESADO	INGRESO	
III Prezos públicos e outros ingresos	6.061,33	6.866,42	6.441,27	4.530,63	1.910,64	-425,15
IV Transferencias correntes	16.056,17	16.565,15	16.784,31	15.359,18	1.425,13	219,16
V Ingresos patrimoniais	80,00	110,10	120,09	84,36	35,73	9,99
VI Alleamiento de investimentos reais	1.000,00	1.000,00	1.001,25	1,25	1.000,00	1,25
VII Transferencias de capital	3.438,22	3.552,50	3.506,72	1.752,91	1.753,81	-45,78
IX Variación de pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
SUBTOTALS	26.635,72	28.094,17	27.853,64	21.728,33	6.125,31	-240,53
VIII Variación activos financeiros (remanente de tesourería e venda valores por 0,2)	0,00	5.978,15	0,20	0,20	0,00	0,20
TOTAIS	26.635,72	34.072,32	27.853,84	21.728,53	6.125,31	-240,33

CAPÍTULO	DEREITOS RECOÑECIDOS 2000	DEREITOS RECOÑECIDOS 2001	% SOBRE TOTAL DEREITOS 2001
III Prezos públicos e outros ingresos	6.594,75	6.441,27	23,13
IV Transferencias correntes	15.632,05	16.784,31	60,26
V Ingresos patrimoniais	106,93	120,09	0,43
VI Alleamiento de investimentos reais	0,00	1.001,25	3,59
VII Transferencias de capital	3.499,82	3.506,72	12,59
IX Variación de pasivos financeiros	0,00	0,20	0,00
	25.833,55	27.853,84	100,00

1.- PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS

Os dereitos liquidados en concepto de prezos públicos por servicios académicos ("taxas") e por prestación de servicios foron inferiores ás previsións presupostarias en 425,15 millóns de pesetas (ver cadro 5) debido, fundamentalmente, ó comportamento da recadación dos prezos de matrícula que resultou afectada pola diminución do número de alumnos e por non se liquidar a matrícula dos beneficiarios de axudas por ser traballadores da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2.- TRANSFERENCIAS CORRENTES

Os dereitos liquidados por transferencias correntes son superiores ás previsións presupostarias, xerándose un superávit por este concepto de 219,16 millóns de pesetas. Estes maiores ingresos dos presupostados corresponden a maiores subvencións da Comunidade Autonómica sobre as cifras presupostadas, fundamentalmente nos apartados de subvención global para gastos e da aportación para os tramos de investigación (sexenios).

3.- INGRESOS PATRIMONIAIS

A liquidación foi superior ás cifras presupostadas en 9,99 millóns de pesetas debido á rendabilización dos fondos de tesourería.

4.- ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS

Contabilízase neste capítulo a venda a realizar a "Xestur Urbanística de Coruña S.A." dos edificios de Galeras, Enfermería e EXB para os que se estima un ingreso a conta de 1.000 millóns de pesetas.

5.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

Prodúcese un lixeiro déficit de 45,78 millóns de pesetas debido a unha menor captación de recursos dos presupostados nas actividades de investigación que xeran ingresos por custos indirectos.

6.- VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCIEROS

Neste capítulo inclúense os créditos non obligados a 31 de decembro de 2000 incorporados ó presuposto de 2001 e que correspondían a compromisos adquiridos ou ben a financiamento específico de actividades (investigación, congresos, cursos de posgrao, etc.). Proveñen, xa que logo, de dereitos liquidados en anos anteriores e non xeran ingresos no exercicio que comentamos.

Resulta importante mencionar que a cifra de dereitos recoñecidos pendentes de cobro a 31/12/01 é de 6.125,31 millóns de pesetas e representa o 22% de tódolos dereitos recoñecidos (14,6% no ano anterior). Nesta cifra, sensiblemente superior á do exercicio anterior, inclúense conceptos que non aparecían no ano 2000 como son: os terceiros prazos de matrícula implantados en 2001 e que se liquidarán en marzo de 2002, a cantidade pendente de cobro (1.000 millóns de pesetas) por alleamento de investimentos reais, e, por último, a actualización da subvención global da Xunta que, tras longas negociacións iniciadas pola nosa Universidade por diferencias coa Administración Educativa na interpretación financeira do "Acordo de financiamento do sistema universitario de Galicia. Programa 2000-2003 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Economía e Facenda e as tres Universidades de Galicia", foi finalmente recoñecida a finais de 2001, supoñendo para a USC 530 millóns de pesetas, que foron ingresadas en abril de 2002.

CADRO 2: % FINANCIAMENTO POR CAPÍTULO (1997-2001)

CAPÍTULO	1997	1998	1999	2000	2001
III Prezos públicos e outros ingresos	21,67	22,47	22,17	25,53	23,13
IV Transferencias correntes	66,05	59,68	55,96	60,51	60,26
V Ingresos patrimoniais	0,65	0,51	0,39	0,41	0,43
VI Alleamento de investimentos reais	0,00	0,72	0,00	0,00	3,59
VII Transferencias de capital	11,63	16,62	16,62	13,55	12,59
IX Variación de pasivos financeiros	0,00	0,00	4,86	0,00	0,00
TOTAL	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00

No cadro 2 recóllese as porcentaxes que cada fonte de financiamento representa sobre o conxunto dos ingresos da USC no período 1997-2001.

Como pode observarse, as “transferencias correntes” constitúen no período analizado dende o punto de vista cuantitativo a principal fonte de recursos, representando do 55,96 ó 66,05% dos ingresos totais pero cunha tendencia inicial á baixa nos dous últimos anos. En segundo lugar figuran os ingresos por “prezos públicos e outros ingresos”, que significaron entre o 21,67 e o 25,53% dos ingresos de cada exercicio; o forte incremento deste capítulo en 2000 ven explicado polo aumento dos contratos e convenios de investigación, tanto co sector privado como co sector público, sendo a diminución do 2001 consecuencia dos menores recursos obtidos pola reducción do número de alumnos e a consecuente reducción do cobro de prezos. En terceiro lugar sitúanse as transferencias de capital que inclúen o financiamento por proxectos, convenios de investigación e obras; o significativo incremento deste capítulo en 1998 e 1999 explícase pola xestión directa por parte da Universidade dos créditos para investimentos que antes xestionaba directamente a Xunta de Galicia. Obsérvase tamén unha pequena participación dos ingresos derivados da rendabilización do patrimonio.


En 1999 utilizouse o recurso ó endebedamento para o financiamento do Programa de Aforro Enerxético por importe de 1.298 millóns de pesetas (o 4,86% dos ingresos dese exercicio). No exercicio 2001 os ingresos por alleamento de investimentos reais, xa explicados con anterioridade, adquieren certa importancia conxunturalmente, bastante por enriba dos rexistrados en 1998 pola venda do antigo edificio da Escola de Estudios Empresariais de Lugo e que foron utilizados de acordo co aprobado polo Consello Social da Universidade para a adquisición do edificio para a sede do Vicerrectorado e Vicexerencia de Lugo.

No cadro 3 e no gráfico 1 represéntanse para o período 1998-2001, os ingresos liquidados por alumno en pesetas correntes e constantes, tendo en conta, para dar máis validez á análise, só os non vencellados a actividades específicas e eliminando as operacións financeiras e a facturación interna. Observamos que a cifra de dereitos se incrementa moi lixeiramente, tanto en pesetas correntes como en pesetas constantes, debido fundamentalmente a que diminúa o número de alumnos (ver gráfico 1).

CADRO 3: DEREITOS LIQUIDADOS E INCONDICIONADOS POR ALUMNO

Dereitos recoñecidos sobre cifras do presuposto inicial (exclúense as partidas de financiamento condicionado)

ANO	1998	1999	2000	2001
Dereitos recoñecidos (millóns de ptas.)	18.504,67	18.900,48	19.326,55	20.509,80
Número de alumnos en centros propios	41.189	40.819	40.016	38.588
Dereitos recoñecidos por alumno (en ptas. correntes)	449.262	463.031	482.971	531.507
Índice de deflación	100	102,5	105,8	109,5
Dereitos recoñecidos por alumno (en ptas. constantes 1998)	449.262	451.738	456.494	485.395



1.1.2. COMENTARIOS PARTICULARES ÓS INGRESOS DE CADA CAPÍTULO PRESUPOSTARIO.

CAPÍTULO III: Prezos públicos e outros ingresos.

No cadro 4 figuran recollidos, por artigo presupuestario, os dereitos recoñecidos nos tres últimos exercicios e as variacións de 2001 con respecto a 2000 e 1999; indícase tamén cal foi a participación relativa dos dous compoñentes deste capítulo: “Prezos públicos por servicios académicos” e “Outros ingresos”. Os primeiros representan o 62,84% do financiamento total e o 37,16% os segundos, incluíndose nestes últimos, fundamentalmente, os ingresos por prestación de servicios por actividades de investigación.

CADRO 4: PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS. DEREITOS RECOÑECIDOS 1999-2001 (en millóns de pesetas)

ARTIGO PRESUPUESTARIO	DEREITOS RECOÑECIDOS 1999	DEREITOS RECOÑECIDOS 2000	DEREITOS RECOÑECIDOS 2001	% VARIACIÓN S/99	% VARIACIÓN S/00
31 Prezos públicos por servicios académicos	4.080,52	3.773,09	3.766,96	-7,68%	-0,16%
32 Prestación de servicios	1.135,66	2.075,66	2.054,20	80,88%	-1,03%
33 Venda de bens	47,00	63,87	59,86	27,36%	-6,28%
38 Reintegros	90,73	30,91	35,53	-60,84%	14,95%
39 Outros ingresos diversos	82,37	145,87	77,93	-5,39%	-46,58%
TOTAIS	5.436,28	6.089,40	5.994,48	0,34%	-0,39%
34 Facturación interna	474,94	505,35	446,79		
TOTAIS DEREITOS	5.911,22	6.594,75	6.441,27		

AGRUPACIÓN ARTIGOS VALORES ABSOLUTOS	1999	2000	2001
OUTROS INGRESOS	1.355,76	2.316,31	2.227,52
PREZOS PÚBLICOS POR SERVICIOS ACADÉMICOS	4.080,52	3.773,09	3.766,96
TOTAL CAPÍTULO	5.436,28	6.089,40	5.994,48
AGRUPACIÓN ARTIGOS VALORES RELATIVOS	1999	2000	2001
OUTROS INGRESOS	24,94%	38,04%	37,16%
PREZOS PÚBLICOS POR SERVICIOS ACADÉMICOS	75,06%	61,96%	62,84%
TOTAL CAPÍTULO	100,00%	100,00%	100,00%

No cadro 5 aparecen desglosados por partidas singularizadas os diferentes tipos de ingresos. Nos comentarios seguintes deterémonos naqueles aspectos que consideramos máis significativos dentro dos artigos presupuestarios con máis relevancia.

Cadro 5

ARTIGO PRESUPUESTARIO	PREVISIÓN		
	INICIAIS	DEFINITIVAS	DEREITOS RECOÑECIDOS
31. PREZOS PÚBLICOS			
POR SERVICIOS ACADÉMICOS			
<u>Estudios oficiais</u>			3.164,18
Estudios 1º e 2º ciclos			3.019,90
Matrícula 3º ciclo			97,80
ICE-CAP			46,48
<u>Estudios non oficiais</u>			602,78
Cursos posgrao			331,75
Cursos especialización e outros cursos			20,11
Matrícula titulacións propias			117,03
Matrícula 4º ciclo			1,76
Aulas informáticas			22,20
Instituto de Idiomas			69,91
Cursos de verán			15,71
Criminoloxía			13,16
Práctica xurídica (bienios)			7,16
Expedición títulos propios			3,99
TOTAL ARTIGO 31	4.176,05	4.185,14	3.766,96
32. PRESTACIÓN DE SERVICIOS			
Inscricións en xornadas,congresos,etc.			41,07
Aloacemento Sistema Univ. Residencias			280,00
Servicios Investigación			1.614,17
Feuga:custos indirectos e nóminas			139,49
A organismos públicos en entidades sen fins de lucro			975,31
A empresas			481,10
Servicios xerais investigación e outros			18,27
Outros servicios prestados			118,96
Extensión Universitaria Deportes			24,31
Escola infantil Breogán			15,25
Imprenta			6,31
Servimav			1,75
Atencións clínicas Odontoloxía			47,86
Bibliotecas			10,02
Dereitos de oposicións e concursos			4,66
Outros			8,80
TOTAL ARTIGO 32	1.822,84	2.084,98	2.054,20
33. VENDA DE BENS			
Publicacións			14,26
Fotocopias e outros			0,24
Sobres matrícula			45,36
TOTAL ARTIGO 33	35,00	46,81	59,86
38. REINTEGROS			
Varios			20,10

Anuncios contratación		3,18
Compensacións concesionarios		12,25
TOTAL ARTIGO 38.	25,4	41,41

39. OUTROS INGRESOS DIVERSOS

Bonoficacións bancarias		0,92
Bolsas Isep		3,88
Complemento asistencial Rof-Codina		7,22
Compensacións impostos		21,42
Varios		44,49
TOTAL ARTIGO 39	2,04	61,29

TOTAL CAPÍTULO III SEN FACTURACIÓN INTERNA	6.061,33	6.419,63	5.994,48
---	-----------------	-----------------	-----------------

34. FACTURACIÓN INTERNA

Imprenta		110,13
Servimav		7,36
Servicio de Comunicacións		2,51
Servicio de Xestión Económica		64,03
Sistema Universitario de Residencias		17,22
Servicios Xerais de Investigación		12,7
Vicexerencia Lugo		12,11
Outros		220,73
	0	446,79
TOTAL CAPÍTULO III	6.061,33	6.866,42

ARTIGO 31. PREZOS PÚBLICOS.

Os dereitos recoñecidos por prezos públicos de estudos oficiais acadaron o importe de 3.164,18 millóns de pesetas para unhas previsións de ingreso de 3.572,8 millóns de pesetas, producíndose, por tanto, un déficit por este concepto de 408,62 millóns de pesetas. Tal e como se comentou anteriormente dous foron as causas deste desfase: o descenso do número de alumnos e créditos matriculados e a non compensación das matrículas gratuitas do persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Os ingresos de prezos pola matriculación nas probas de acceso á Universidade non están incluidos na liquidación do presupuesto de ingresos da USC, xa que, por convenio entre as tres Universidades de Galicia, encargóuse da liquidación dos gastos e ingresos das probas á Comisión Interuniversitaria do Distrito Universitario Único de Galicia (C.I.U.G.), figurando no presupuesto da Universidade só a parte que tivo que aportarse para cubri-la diferencia entre os ingresos e os gastos -figura no capítulo IV de gastos na USC-.

Inclúese na liquidación a matrícula gratuita na USC do persoal das tres Universidades de Galicia como operación que se formaliza -sen saída nem entrada material de fondos- como pagamento e ingreso polo mesmo importe nos presupuestos de gastos e ingresos da USC. Do mesmo xeito opérase coas matrículas do programa ERASMUS pola estimación do saldo negativo de alumnos que fan o intercambio e do custo da matrícula gratuita do Instituto de Idiomas.

Criterios contables:

1. O período de liquidación considerado é o seguinte: Do 31/01/00 ó 31/01/01 considerándose, como en anos anteriores, que a recadación efectuada no mes de xaneiro de

2002 é totalmente imputable a dereitos recoñecidos en 2001 e pendentes de cobro. Trátase, fundamentalmente, dos segundos prazos de matrícula.

2. Considéranse dereitos recoñecidos pendentes de cobro a 31/12/01 os seguintes:

a) Os ingresos efectuados en xaneiro de 2001 nas contas correntes de prezos públicos e que efectivamente sexan prezos públicos, asociados á matrícula do curso 2001/2002. Exclúense, por tanto, aqueles ingresos que, erroneamente ingresados nas contas de prezos, son aplicados a outras partidas presupostarias.

b) Os ingresos efectuados con posterioridade a xaneiro de 2001, comprendendo o importe da recadación de prezos de matrícula do mes de febreiro, fundamentalmente ingresos por denegación de bolsas do MEC, e os importes dos terceiros prazos de 1º, 2º e 3º ciclo.

c) O importe pendente de compensación do MEC polo importe das matrículas non satisfeitas de alumnos bolseiros por importe de 507,07 millóns de pesetas. Este importe avalíase no cálculo efectuado pola Sección de Bolsas con data 26/02/02; a contía total de compensación resultante é de 675,07 millóns de pesetas, dos que 168 millóns foron ingresados en 2001.

d) A compensación do MEC polos alumnos de familia numerosa de tres fillos por importe de 95 millóns de pesetas. Por ausencia de datos no momento de cerre da contabilidade consignouse a cantidade compensada no curso anterior, 125 millóns de pesetas, ó considerar que a diminución de alumnos quedaría compensada co incremento de prezos; así mesmo, descontouselle o importe xa cobrado en 2001, que foi de 30 millóns de pesetas.

ARTIGO 32. PRESTACIÓN DE SERVICIOS.

As variacións más significativas con respecto ó ano anterior son as seguintes:

- Os dereitos de matrícula en estudos non oficiais aumentaron significativamente, pasando de 472,45 millóns de pesetas en 2000 a 602,78 millóns en 2001, o que representa un incremento do 27,59%, que se explica polo incremento da recadación por cursos de posgrao nun 23,67 % (331,75 millóns de pesetas en 2001 fronte 268,44 millóns en 2000) e pola matriculación nas titulacións propias que case triplican a recadación do curso anterior (42,21 millóns de pesetas en 2000 fronte a 117,03 en 2001). Nas titulacións propias hai que ter en conta que neste ano xa se impartía o segundo curso de Graduado Superior en Enxeñería Ambiental e Graduado Superior en Xerontoloxía e comezaba a de Graduado Superior en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións.
- Os dereitos de inscrición en congresos e xornadas aumentaron con respecto a 2000 nun 22,4%, ó pasar de 33,54 millóns de pesetas en 2000 a 41,07 millóns en 2001. A recadación por ingresos no servicio universitario de residencias descende nun 4,45% debido a un menor uso externo das mesmas.
- O importe dos contratos e convenios por servicios de investigación xestionados directamente pola USC diminúen nun 5,67%, pasando de representar 1.563,47 millóns de pesetas a 1.474,68 millóns no actual. As cantidades cobradas a Feuga aumentan nun 127,2% con respecto ó ano anterior debido a que neste exercicio recuperáronse as débedas contraídas pola Fundación por custos indirectos de contratos de anos anteriores, que a Universidade non tiña recoñecido en contas.

ARTIGO 34. FACTURACIÓN INTERNA

Desde o ano 1996 a facturación que se realiza internamente na USC -os denominados cargos internos- trátase contablemente como ingreso no centro emisor (centro que presta o servicio ou subministra as mercancías) e como pagamento no centro receptor (aplicación presupostaria que soporta o gasto). A consecuencia disto, o presupuesto de ingresos, e correlativamente o de gastos, vense incrementados polo volume anual destas operacións, que representan en total 446,79 millóns de pesetas, cifra inferior á dos anos anteriores (505,34 millóns en 2000). Estas operacións non orixinan movementos de fondos de tesourería posto que se realizan en “formalización” (sen saída material de fondos).

No cadro 5 indícanse os diferentes centros emisores de cargos internos e as cantidades que facturan.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes.

No cadro 6 detállanse por artigo presupuestario, os dereitos recoñecidos deste capítulo comparándoos cos dos dous exercicios previos (no cadro 7 aparecen desglosados).

CADRO 6: TRANSFERENCIAS CORRENTES. %

ARTIGO PRESUPUESTARIO	Dereitos recoñecidos 1999	Dereitos recoñecidos 2000	Dereitos recoñecidos 2001	% Variación S/99	% Variación S/2000
40.Administración do Estado	35,25	19,05	74,31	110,81%	290,08%
41.Organismos Atonómicos adtvos	19,66	13,03	24,83	26,30%	90,56%
44.Outros entes públicos	53,18	65,60	64,36	21,02%	-1,89%
45.Comunidades Autonómicas	14.155,32	14.641,36	15.209,10	7,44%	3,88%
46.Corporacións locais	2,69	0,75	4,20	56,13%	460,00%
47.Empresas Privadas	45,92	45,89	170,36	270,99%	271,24%
48.Familias e inst.sen fins lucro	74,10	76,82	66,11	-10,78%	-13,94%
49.Exterior	101,75	58,86	18,78	-81,54%	-68,09%
TOTAL CAPÍTULO IV	14.487,87	14.921,36	15.632,05	7,90%	4,76%
AGRUPACIÓN ARTIGOS	IMPORTE	% S/TOTAL			
Comunidades Autonómicas	15.209,10	97,29%			
Outros	422,95	2,71%			
TOTAL	15.632,05	100,00%			

O artigo presupuestario máis importante deste Capítulo está constituido polas transferencias correntes da Comunidade Autónoma, que experimentan un incremento do 4,03% (en pesetas correntes e financiamento global) sobre o ano anterior no que, á súa vez, o crecemento fora do 3,04%. As partidas que componen o financiamento global procedente do presupuesto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria son as seguintes:

ESTIMACIÓN CUSTO CRÉDITOS IMPARTIDOS	14.830 (millóns de pesetas)
COMPLEMENTO MÉRITO INVESTIGADOR.....	378 “ “
TOTAL.....	15.208 (millóns de pesetas)

Para o período 2000-2003 asinouse o Acordo de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Economía e Facenda e as tres Universidades de Galicia. Este Acordo, polo que se refire ás transferencias correntes, estima o custo dos créditos impartidos tendo en conta,

fundamentalmente, a estructura e custo promedio dos cadros de persoal actuais e un índice de experimentalidade das titulacións impartidas. O número de créditos impartidos multiplícase pola estimación de custo e obtense o financiamento incondicionado, ó que hai que sumarlle o custo do complemento por mérito investigador, que coincide co importe da cantidade realmente gastada e certificada por cada universidade (agás para o ano 2000 no que se estableceu unha cantidade determinada a repartir entre as tres universidades).

Procedentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento obtivéronse outras transferencias que enumeramos a continuación:

CONCEPTO	IMPORTE (en millóns de pesetas)
Bolsas convocatorias propias	16,00
Implantación gradual distrito abierto.....	8,00
Profesores Visitantes.....	12,19
Congresos, xornadas, reunións científicas, difusión, etc	28,65
Normalización Lingüística	6,45
Master.....	2,60
Prácticas de Campo	3,39
Voluntariado.....	2,00
Titulación Tecnoloxía da Información e da Comunicación.....	17,00
Publicacións periódicas	5,99
Incorporación investigadores visitantes.....	8,63
Apoio á creación de empresas de base tecnolóxica	6,00
Bolsas Posdoutorais.....	10,00
Bolsas colaboración rexistro investigadores.....	2,00
Programa IDIPYME.....	1,50
Contratación de Investigadores propios.....	20,00
Contratación persoal para potenciación servicios e institutos investigación	30,16
Consecución equilibrio presupuestario e contención endebedamento	348,79

A última subvención indicada anteriormente provén do convenio de colaboración entre a Administración Xeral do Estado, a Comunidade Autónoma de Galicia e as tres Universidades de Galicia para a consecución do equilibrio presupuestario e a contención do endebedamento. A cifra total do mesmo é de 1.965 millóns de pesetas (1.438 millóns aportaraos o Estado e 527 a Comunidade Autónoma) e abrangue o período 2000-2003.

CADRO 7: TRANSFERENCIAS CORRENTES. (en millóns de pesetas)

ARTIGO E PARTIDA PRESUPOSTARIA	PREVISIÓN S		DEREITOS RECOÑECIDOS
	INICIAIS	DEFINITIVAS	
40. ADMINISTRACIÓN DO ESTADO			
MEC			121,39
Outros Departamentos Ministeriais			78,97
TOTAL ARTIGO 40	0	200,36	200,36
41. ORGANISMOS AUTÓNOMOS			
ADMINISTRATIVOS			
Consello Superior de Deportes			6,28
Instituto Galego de Promoción Económica			14,14
Escola Galega de Administración Pública			3,58
Instituto de la Mujer			3,71
Servicio Galego de Promoción da Igualdade			6,35
Instituto Galego da Vivenda e Solo			2,50
TOTAL ARTIGO 41.	0	35,00	36,56

44.OUTROS ENTES PÚBLICOS

Compañía Radio Televisión de Galicia	0,35
<u>Consellos Económico e Social e de Relacións Laborais</u>	<u>0,56</u>
TOTAL ARTIGO 44	0

45.COMUNIDADES AUTÓNOMAS

Goberno vasco	0,40
ConSELLERÍAS e ORGANISMOS XUNTA DE GALICIA	
Educación e Ordenación Universitaria	15.616,00
Cultura, Comunicación Social e Turismo	17,65
Industria e Comercio	22,23
Economía e Facenda	24,31
Sanidade	0,83
Xustiza e Interior	21,35
Pesca , Marisqueo e Acuicultura	2,50
Familia e Prom. emprego, Muller e Xuventude	163,14
Medio Ambiente	29,11
Secretaría Xeral de Investigación	121,55
Servicio Galego de Saúde	255,17
TOTAL ARTIGO 45	15.835,67

46.CORPORACIÓN LOCAIS

Federación Galega de Municipios	3,20
Inludes	2,50
Concello Sarria	1,00
Outros	0,75
TOTAL ARTIGO 46	0

47.EMPRESAS PRIVADAS

Banco Central-Hispano	150,00
Banco Pastor	20,00
Aficega	8,80
Outros	4,31
TOTAL ARTIGO 47	170,50

48.FUNDACIÓN E PARTICULARS

Barrié	5,50
Caixa Galicia - Claudio Sanmartín	53,01
Fundación Rof-Codina	1,06
Fundación Berndt Wistedt	2,42
Fundación Galicia-Europa	1,45
Caixanova	3,03
Caixa Rural de Lugo	6,50
Fundación Feiraco	0,30
Outros	1,20
TOTAL ARTIGO 48	50,00

ARTIGO 49. EXTERIOR

Unión Europea	6,84
Instituto Camões	0,37
TOTAL ARTIGO 49	0,00

TOTAL CAPÍTULO IV	16.056,17	16.565,15	16.784,31
--------------------------	------------------	------------------	------------------

No cadro 8 amósase a subvención incondicionada por alumno procedente das transferencias do antigo plano de financiamento (módulo *alumno) durante os anos 1998 e 1999 e do novo acordo de financiamento para o 2000 e 2001, en pesetas correntes e constantes.

CADRO 8: SUBVENCIÓN INCONDICIONADA. (MÓDULO * Nº ALUMNOS PREVISTOS OU CUSTO ESTIMADO CRÉDITOS IMPARTIDOS) (Pesetas correntes e constantes)

	1998	1999	2000	2001
Subvencións (millóns ptas.)	13.409,58	13.787,50	14.411,75	14.830,00
Número de alumnos, Centros propios(curso que finaliza no ano)	41.189	40.819	40.016	38.588
Subvención por alumno (ptas.correntes)	325.562	337.772	360.150	384.316
Índice de deflación	100	102,5	105,8	109,5
SUBVENCIÓN POR ALUMNO(ptas. constantes 1996)	325.562	329.533	340.406	350.974

CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS

Nos cadro 9 e 10 recóllense os diferentes compoñentes dos ingresos derivados da rendabilización do patrimonio da Universidade. Aínda cando os saldos de tesourería mantidos no exercicio foron menores que no exercicio anterior ó igual que os xuros asociados o aumento nos artigos de dividendos e productos de inmobles fai que o resultado global dos dereitos recoñecidos por ingresos patrimoniais no exercicio representou un 12,31% máis que os correspondentes ó ano anterior.

CADRO 9: CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS POR ARTIGO PRESUPOSTARIO(en millóns de pesetas)

ARTIGO PRESUPOSTARIO	DEREITOS RECOÑECIDOS 1999	DEREITOS RECOÑECIDOS 2000	DEREITOS RECOÑECIDOS 2001	% VARIACIÓN S/99	% VARIACIÓN S/00
50. Xuros de títulos valores	3,47	3,47	3,48	0,29%	0,29%
52.Xuros de contas bancarias	46,88	52,46	30,86	-34,17%	-41,17%
53. Dividendos	9,56	8,75	14,57	52,41%	66,51%
54.Productos de inmobles	9,15	7,81	22,23	142,95%	184,64%
55.Concesións administrativas	35,81	34,44	48,28	34,82%	40,19%
59.Otros ingresos patrimoniais	-	-	0,67		
TOTAL CAPÍTULO V	104,87	106,93	120,09	14,51%	12,31%

CADRO 10: CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS POR ARTIGO E PARTIDA PRESUPOSTARIA (en millóns de pesetas)

ARTIGO E PARTIDA PRESUPOSTARIA	PREVISIÓN		
	INICIAIS	DEFINITIVAS	DEREITOS RECOÑECIDOS
50.XUROS DE TÍTULOS VALORES			
Bonos do Estado			3,48
TOTAL ARTIGO 50	0,00	3,48	3,48
52.XUROS DE CONTAS BANCARIAS			
En Banco Central-Hispano			10,01
En Caixa Galicia			18,17
Outras entidades			2,68
TOTAL ARTIGO 52	40,00	40,00	30,86
53. DIVIDENDOS E PARTICIPACIÓN EN BENEFICIOS			
Dividendos en empresas privadas			14,57
TOTAL ARTIGO 53	0,00	0,00	14,57
54.ALUGUERES E PRODUCTOS DE INMOBLES			
Alugueres vivendas funcionarios			1,61
Cesión uso bens patrimoniais			20,62
TOTAL ARTIGO 54	0,00	19,45	22,23
55.CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS			
Servicio Técnico			0,94
Servicio cafeterías			38,07
Servicio fotocopiadoras			7,36
Teléfonos			1,91
TOTAL ARTIGO 55	40,00	46,50	48,28
59.OUTROS INGRESOS PATRIMONIAIS			
Outros ingresos patrimoniais			0,67
TOTAL ARTIGO 59	0,67	0,67	
TOTAL CAPÍTULO V	80,00	110,10	120,09

CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

No cadro 11 recóllese os dereitos recoñecidos deste capítulo por artigo presupostario e efectúase a comparación cos dos dous anos anteriores. No cadro 12 indícanse os diferentes grupos de organismos financiadores.

CADRO 11.- CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL (en millóns de pesetas)

ARTIGO PRESUPOSTARIO	DEREITOS RECOÑECIDOS 1999	DEREITOS RECOÑECIDOS 2000	DEREITOS RECOÑECIDOS 2001	% VARIACIÓN S/99	% VARIACIÓN S/00
70.Administración do Estado	602,47	472,03	256,39	-57,44%	-45,68%
71.Organismos Autonómicos Adtvos.	12,25				
72.Seguridade Social	27,53	29,56	29,00	5,34%	-1,89%
74.Empresas Públicas e outros entes públicos	100,00	0,57		-100,00%	-100,00%
75.Comunidades Autónomas	3.005,19	2.481,17	1.757,17	-41,53%	-29,18%
76.Corporacións locais	37,70		25,20		
78.Familias e Institucións sen fins de lucro	131,05		27,02		
79.Exterior	516,98	516,49	1411,94	173,11%	173,37%
TOTAL CAPÍTULO VII	4.433,17	3.499,82	3.506,72	-0,21	0,20%

CADRO 12: CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL E ORGANISMOS FINANCIADORES (en millóns de pesetas)

ARTIGO PRESUPOSTARIO	PREVISIÓN		
	DEREITOS INICIAIS	DEFINITIVAS	DEREITOS RECOÑECIDOS
70.ADMINISTRACIÓN DO ESTADO			
Ministerio Ciencia e Tecnología - Reuniones científicas			5,35
Ministerio Ciencia e Tecnología - Proyectos			222,08
Ministerio Ciencia e Tecnología - Otros			1,25
Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación			3,60
Outros departamentos ministeriales			24,11
TOTAL ARTIGO 70	500,00	332,64	256,39
72.SEGURIDADE SOCIAL			
Proyectos FISS			29,00
TOTAL ARTIGO 72	0,00	26,36	29,00
75.COMUNIDADES AUTÓNOMAS			
Xunta de Galicia			
Reparación, Ampliación, Mellora (RAM)			324,00
Recursos para investigación			932,39
Convenios para Construcción Edificios e Equipamientos			500,78
TOTAL ARTIGO 75	1.824,00	1.756,39	1.757,17
76.DE CORPORACION LOCAIS			
Concellos			
Concello de Lugo			25,20
TOTAL ARTIGO 76	20,68	25,20	25,20
78.DE FAM. E INSTIT. SEN FINS LUCRO			
Fundación Campus Universitario de Lugo			20,68
Fundación Caixa Galicia			6,34
TOTAL ARTIGO 77	0,00	26,39	27,02
79.EXTERIOR			
Unión Europea -Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional			1.411,94
TOTAL ARTIGO 79	1.093,54	1.385,52	1.411,94
TOTAL CAPÍTULO VII	3.438,22	3.552,50	3.506,72

A captación de recursos para proxectos de investigación financiados polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e polo FEDER diminúe no seu conxunto con respecto ó exercicio precedente nun 18,04%, ó pasar de 659,32 millóns de pesetas en 2000 (426,37 millóns procedentes do MCT e 232,95 millóns do FEDER) a 540,41 millóns (222,1 millóns do MCT e 318,31 millóns do FEDER) no exercicio 2001.

As achegas para proxectos e infraestructuras de investigación procedentes da Secretaría Xeral de I+D da Xunta de Galicia redúcense asimismo en 2001, no que se captaron 932,4 millóns de pesetas fronte a 1.107 e 970,29 millóns obtidos nos anos de 2000 e 1999, respectivamente.

Continúa a diminución dos recursos dedicados á construción de edificios e novos equipamentos procedentes dos Convenios asinados coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, que acadaron en 2001 un total de 550,78 millóns de pesetas, cantidade notablemente inferior ás obtidas en 2000 e 1999, que totalizaran 838,14 e 1.403,31 millóns de pesetas respectivamente.

Nas transferencias da Unión Europea -fondos FEDER- ademáis das achegas indicadas para proxectos de investigación recoñécense dereitos por importe de 1.093,54 millóns de pesetas correspondentes ás anualidades 2000 e 2001 do Programa Operativo de Investigación, Desenvolvemento e Innovación 2000-2006.

CAPÍTULO VIII: VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCIEROS

No cadro 13 indícase o financiamento de créditos en 2001 co remanente de tesourería de 2000. En síntese, comprende aqueles créditos que non estaban obligados a 31 de decembro de 2000 e se incorporaron ó ano seguinte para atender actividades finanziadas con recursos específicos ou gastos comprometidos no exercicio precedente, por importe de 5.978,15 millóns de pesetas.

Neste capítulo figuran dereitos recoñecidos por importe de 0,2 millóns de pesetas correspondentes á venda ó IGAPE dos activos que por un nominal de un millón de pesetas a USC poseía en BIC Galicia.

CADRO 13.- CAPÍTULO VIII.VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCIEROS (en millóns de pesetas)

DESGLOSE FINANCIAMENTO CO REMANENTE DE TESOURERÍA INCORPORADO A CAPÍTULO	CRÉDITOS FINANCIAMENTO FINANCIADOS NO PRESUPUESTO INICIAL EXERCICIO 2001		
			Específico
I Gastos de persoal			48,37
II Gastos en bens correntes e servicios			503,15
IV Transferencias correntes			191,18
VI Investimentos reais			5.235,45
TOTAIS	0,00		5.978,15
TOTAL REMANENTE DE TESOURERÍA		5.978,15	5.978,15

1.1.3. PRESUPUESTO DE INGRESOS. EXERCICIOS ANTERIORES.

O cadro 14 recolle a evolución dos dereitos recoñecidos pendentes de cobro de exercicios anteriores, así como a súa situación a 01/01/01 e a fin de exercicio 31/12/01.

CADRO 14: DEREITOS RECOÑECIDOS PENDENTES DE COBRO (en millóns de pesetas)

ANO	31/12/2000 INGRESADO NO 2001	DEREITOS ANULADOS		DEREITOS PENDENTES DE COBRO A 31/12/01
		NO 2001	COBRO A 31/12/01	
1995	33,54	0,00	0,00	33,54
1996	257,11	0,00	0,00	257,11
1997	196,44	2,10	0,00	194,34
1998	406,43	170,35	0,11	235,97
1999	1.854,80	1.429,76	0,15	424,89
2000	3.774,77	3.356,89	30,35	387,53
TOTAIS	6.523,09	4.959,10	30,61	1.533,38

Anúlanse dereitos pendentes de cobro por importe de 30,61 millóns de pesetas.

Entre os dereitos pendentes de cobro as cantidades más importantes corresponden as aportacións do Consorcio para o V Centenario por importe de 33,5 e 175 millóns de pesetas para 1995 e 1996 respectivamente. Tamén está pendente de transferir pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha parte do R.A.M.de 1996 por importe de 69,1 millóns de pesetas e as diferencias entre o certificado e ingresado correspondentes ós sexenios de investigación por importe de 623,87 millóns de pesetas (13 millóns de 1996, 155,12 millóns de 1997, 174,47 millóns de 1998, 207,6 millóns de 1999 e 73,68 millóns de 2001).

1.2. LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE GASTOS

1.2.1. COMENTARIOS XERAIS Á LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE GASTOS.

Nesta primeira parte da memoria onde se analizan as contas do exercicio, e neste apartado no que concretamente tratamos da liquidación do presupuesto de gastos, só nos deteremos na análise e comentarios da execución do presupuesto visto éste desde un punto vista global. Posteriormente, dentro da memoria de xestión (segunda parte), examinanse os gastos a nivel dos diferentes centros e servicios que conforman a USC.

No cadro 15, que reproducimos a continuación, preséntase a liquidación do presupuesto de gastos por capítulo presupostario e por grupos de funcións. No gráfico 2 represéntase a estructura porcentual das obrigas por capítulo presupostario. No cadro 16 recóllense as obrigas contraídas nos tres últimos anos por grupo de funcións e a súa estructura de participación porcentual sobre o total dos gastos.

CADRO 15: LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE GASTOS, POR CAPÍTULOS E POR GRUPO FUNCIONAL
(en millóns de pesetas)


CAPÍTULO	PRESUPUESTO	PRESUPUESTO	GASTOS	OBRIGAS	PAGAMIENTOS	PENDENTE	REMANENTE	%EXECUÇÃO
	INICIAL	DEFINITIVO	AUTORIZADOS	CONTRAIDAS		DE PAGAMENTO A 31/12/01		S/AUTORIZADOS
I.Gastos de Persoal	15.940,67	16.086,13	15.726,08	15.726,08	15.589,28	136,80	360,05	97,76%
II.Gastos en bens correntes e servicios	3.114,77	4.133,94	3.521,15	3.415,50	2.921,77	493,73	718,44	85,18%
III.Gastos Financeiros	53,00	56,55	56,52	56,52	44,45	12,07	0,03	99,95%
IV. Transferencias correntes	611,00	954,03	770,35	770,35	758,73	11,62	183,68	80,75%
VI. Investimentos reais	6.807,66	12.732,49	8.816,50	7.328,09	6.059,36	1.268,73	5.404,40	69,24%
VIII.- Variación de Activos Financeiros	76,16	76,73	76,73	76,73	76,73	0,00	0,00	100,00%
IX.- Pasivos Financeiros	32,45	32,45	32,45	32,45	32,45	0,00	0,00	100,00%
TOTAIS	26.635,72	34.072,32	28.999,78	27.405,72	25.482,77	1.922,95	6.666,60	85,11%

GRUPO DE FUNCIONES	PRESUPUESTO	PRESUPUESTO	GASTOS	OBRIGAS	PAGAMENTOS	PENDENTE DE	REMANENTE	%EXECUÇÃO
	INICIAL	DEFINITIVO	AUTORIZADOS	CONTRAIDAS	PAGAMENTOS	PAGAMENTO A 31/12/01		
1.- DOCENCIA UNIVERSITARIA	529,00	511,52	277,03	277,03	246,47	30,56	234,49	54,16%
2.- INVESTIGACIÓN	3.262,19	1.771,52	793,55	788,56	691,52	97,04	982,96	44,79%
3.- PRODUCCIÓN DE INFRAESTRUCTURAS E SERVICIOS Á DOCENCIA E Á INVESTIGACIÓN	21.906,43	24.575,36	23.262,06	21.870,22	20.604,14	1.266,09	2.705,13	94,66%
4.- ASISTENCIA, EXTENSIÓN E PROMOCIÓN DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA	776,48	1.215,07	1.005,55	1.005,55	938,05	67,49	209,52	82,76%
5.- GASTOS E PASIVOS FINANCIEROS	85,45	89,00	88,97	88,97	76,90	12,07	0,03	99,96%
6.- ACTIVOS FINANCIEROS	76,16	76,73	76,73	76,73	76,73	0,00	0,00	100,00%
A.- PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN	0,00	1.137,22	525,77	521,24	384,23	137,01	615,98	46,23%
C.- CONVENIOS E CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN	0,00	1.450,85	822,80	809,17	765,01	44,16	641,68	56,71%
E.-CURSOS DE POSTGRAO. ESPECIALIZACIÓN	0,00	164,57	104,91	104,91	99,07	5,85	59,66	63,75%
F.- CURSOS DE FORMACIÓN CONTINUA.	0,00	14,46	8,84	8,84	8,71	0,13	5,61	61,17%
I.- INFRAESTRUCTURAS DE INVESTIGACIÓN	0,00	516,54	512,42	351,46	296,98	54,48	165,08	99,20%
M.-CURSOS DE POSTGRAO. MASTERS.	0,00	357,24	202,70	202,70	190,06	12,64	154,54	56,74%
P.- PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN	0,00	1.096,72	784,81	784,81	646,93	137,88	311,91	71,56%
X.- CONVENIOS E CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN	0,00	1.095,53	533,66	515,53	457,97	57,56	580,00	48,71%
TOTAIS	26.635,72	34.072,32	28.999,77	27.405,71	25.482,77	1.922,95	6.666,60	85,11%

GRUPO DE FUNCIONES	PRESUPUESTO INICIAL	PRESUPUESTO DEFINITIVO	GASTOS AUTORIZADOS	OBRIGAS CONTRAIDAS	PAGAMIENTOS	PENDIENTE DE PAGAMIENTO A 31/12/01	REMANENTE	% EXECUCIÓN S/AUTORIZADOS
1.- DOCENCIA UNIVERSITARIA	529,00	1.047,78	593,48	593,48	544,30	49,17	454,30	56,64%
2.- INVESTIGACIÓN	3.262,19	7.068,38	3.973,00	3.770,77	3.242,65	528,13	3.297,61	56,21%
3.- PRODUCCIÓN DE INFRAESTRUCTURAS E SERVICIOS Á DOCENCIA E A INVESTIGACIÓN	21.906,43	24.575,36	23.262,06	21.870,22	20.604,14	1.266,09	2.705,13	94,66%
4.- ASISTENCIA, EXTENSIÓN E PROMOCIÓN DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA	776,48	1.215,07	1.005,55	1.005,55	938,05	67,49	209,52	82,76%
5.- GASTOS E PASIVOS FINANCIEROS	85,45	89,00	88,97	88,97	76,90	12,07	0,03	99,96%
6.- ACTIVOS FINANCIEROS	76,16	76,73	76,73	76,73	76,73	0,00	0,00	100,00%
TOTAIS	26.635,72	34.072,32	28.999,77	27.405,71	25.482,77	1.922,95	6.666,60	85,11%

CADRO 16: OBRIGAS 1999-2000-2001 POR GRUPO DE FUNCIONES (en millóns de pesetas)

GRUPO DE FUNCIONES	1999	2000	2001	% OBRIGAS 1999	% OBRIGAS 2000	% OBRIGAS 2001	VARIACIÓN 2001-2000
1.- DOCENCIA UNIVERSITARIA	501,33	530,25	593,48	1,94%	1,97%	2,17%	11,92%
2.- INVESTIGACIÓN	3.174,65	3.790,76	3.770,77	12,30%	14,10%	13,76%	-0,53%
3.- PRODUCCIÓN DE INFRAESTRUCTURAS E SERVICIOS Á DOCENCIA E A INVESTIGACIÓN	20.764,68	21.232,59	21.870,22	80,45%	78,99%	79,80%	3,00%
4.- ASISTENCIA, EXTENSIÓN E PROMOCIÓN DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA	1.162,02	1.241,21	1.005,55	4,50%	4,62%	3,67%	-18,99%
5.- GASTOS E PASIVOS FINANCIEROS	205,16	5,13	88,97	0,79%	0,02%	0,32%	1634,23%
6.- ACTIVOS FINANCIEROS	2,50	80,08	76,73	0,01%	0,30%	0,28%	-4,19%
TOTAIS	25.810,34	26.880,02	27.405,71	100,00%	100,00%	100,00%	1,96%



Efectuaremos a continuación algúns comentarios sobre os aspectos que semellan ter maior interese ou ben aportan información adicional para unha axeitada comprensión dos datos reflectidos nos cadros e gráficos elaborados.

1.- A execución do presuposto, medida como porcentaxe dos gastos autorizados sobre o presupuesto definitivo, representa para o conxunto do presupuesto o 85,11%. Esta ratio situouse na decada dos 90 no entorno do 83,83-88,3%, mantendo en todos estes anos un comportamento estándar sen experimentar grandes fluctuacions. Dos créditos non incorporáronse a 2002 un total de 6.395,66 millóns de pesetas e anuláronse remanentes por importe de 270,94 millóns.

2. Durante o exercicio 2001 mantívose unha situación da tesourería que permitiu fazer fronte sen grandes dilacions ós pagamentos da facturación de provedores e terceiros e a apertura de liñas de crédito ós investigadores coa garantía dos correspondentes convenios ou contratos asinados. A evolución anual dos pagamentos realizados para liquidar tódalas obrigas contraídas a 31 de decembro de cada ano describese no cadro 17:

CADRO 17. EVOLUCIÓN ANUAL DOS PAGAMENTOS. PERÍODO 1990-2001

ANO	Importe dos pagamentos realizados con posterioridade a 31/12/ano correspondentes (en millóns de pesetas) ó exercicio anterior	Último mes no que se abooron do ano seguinte
1990	927,7	Abril
1991	1.257,4	Maio
1992	1.049,9	Abril
1993	795,1	Marzo
1994	916,9	Febreiro
1995	1.386,72	Febreiro
1996	1.491,14	Febreiro
1997	864,4	Febreiro
1998	1.322,29	Febreiro
1999	1.671,36	Febreiro
2000	1261,98	Febreiro
2001	1922,95	Febreiro

